



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA
30 DE SETEMBRO DE 2010.-**

<p><u>Sres. Asistentes:</u> <u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <u>Sres. Concelleiros:</u> D. FRANCISCO GARCIA PREGO. D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO. D^a ANA MARIA FERNANDEZ COIRA. D^a VICTORIO MONTENEGRO PAZ. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. D. FRANCISCO ECHEVARRIA LAGE. D. FERNANDO OTERO PRIETO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. MANUEL RODRIGUEZ DOVAL. D^a BELEN ABEAL PEREZ. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. <u>Non asiste con excusa:</u> D^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO. SR. SECRETARIO.: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dezanove minutos do día trinta de setembro de dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
---	--

PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26-08-2010.-

_ Toma a palabra o voceiro do BNG, manifestando que van a votar favorablemente, pero quería facer dúas matizacións, unha é que a acta se nos entregou aínda hoxe pola mañá, que hai un cambio no mecanismo que se veu utilizando nos últimos tempos, que era entregarnos un dossier da documentación do Pleno a todos os grupos, pero parece ser que a partir de agora non se vai a facer, co cal que terá que ser cada grupo o que faga as fotocopias, a nos non nos caen os aneis, por facer as fotocopias, pero pensamos que sería moito máis operativo, incluso máis lóxico desde o punto de vista da custodia da documentación, que ande unha persoa e non andamos varias, e aínda que ven a de agosto, penso que faltan dúas actas polo medio, xuño e xullo non pasaron a aprobación, supoño que será por problemas técnicos, en todo caso dicir que non están aprobadas aquí.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que as actas van vindo a Pleno según están rematadas, é certo que veñen con algún retraso, pois as sesión fanse moi longas e costa un pouco o transcribilas.



Non existindo máis intervencións, sometese a votación a aprobación da acta, e o Pleno do Concello por unanimidade acorda presta-la súa aprobación, a acta da sesión celebrada o día 26 de agosto de 2010.

PUNTO NÚM. 2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS NÚM. 4/2010.

O Sr. Alcalde, manifesta que tratabase dun crédito que no seu momento foi solicitado, pero como falamos na Xunta de Voceiros tiña unhas condicións, moi complicadas que obrigaban a pagar en función de orde de antigüidade das facturas, e tiñamos que adicar o préstamo a unha finalidade que non era a prevista no momento no que se concertou.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o Voceiro d BNG, Sr. Rodríguez Doval, manifestando que a respecto deste tema que no dosier que se presenta para pleno, non ven especificamente explicitado, e houbo que andar practicamente con lupa buscando, toda a información a respecto deste tema, quería indicar que o noso grupo no mes de xullo do ano pasado doulle o seu voto favorable, a suscripción dun préstamo por valor de máis de 325.000 Euros, que ía dirisico a solventar un problema que xa se estaba plantexando e que a día de hoxe entendemos e sabemos que está aínda máis agudizado, como é as débedas que teñen os Concellos e en concreto o noso, con pequenos suministradores, pois tratabase en definitiva nuns momentos en que todo o mundo recoñecía a crise, desde as institucións municipais establecer mecanismos para que a través da formula do crédito, e cun plan de saneamento que levaba emparellado, que se foran facendo os pagos, para que non pagaran os patos desta situación os pequenos suministradores, os autónomos, etc., etc., nese sentido o noso voto favorable foi na medida en que se presentou unha cuestión que era clara, tratabase de abordar o que xa acabo de comentar. No mes de setembro, según consta na documentación que ven aquí, nese mesmo ano, practicamente dous meses despois, parece ser que gobernó municipal, xa sabe que hai problemas de aplicación do crédito que se solicitou, tal e como o Concello tiña pensado facelo, hai unha comunicación do Ministerio de Economía e Facenda, que di claramente que o préstamo se pediu para uns fines concretos, e que eses fins concretos aparentemente non se estarían cumprindo, na decisión que o equipo de goberno, tiña pensado a hora de facer eses gastos, nos desde o mes de outubro do pasado ano, ata o día de hoxe como parte da corporación que somos pero fundamentalmente como grupo que tomamos a decisión de votar a favor esta proposta, e dicir da solicitude de crédito, non tivemos ningún tipo de información, ata o día de hoxe, que ven o tema a Pleno, se convoca o Pleno e se incluen ahí dous ou tres documentos, a noso grupo non se lle comenta nada, cando é evidente, que xa en setembro e outubro do pasado ano, se sabía que había problemas. Que quero dicir con todo isto, que parecería de mera lóxica, que non so a noso grupo por ter aprobada a solicitude do crédito, senón o conxunto da corporación debería ter información pormenorizada, desa incidencia que existía, de que o crédito se concede pero que hai que gastalo cunha finalidade predefinida, e que esa finalidade ten problemas por denomínalos dalgunha maneira, e que polo tanto se vai ir a unha solución que leva a que teñamos que



renunciar ó crédito, e por suposto en facer unha operación que deriva en que teñamos que votar man, do Remanente Liquido de Tesourería, que neste momento quedaría casi casi a cero, co cal acabamos dunha situación na que pedimos un crédito para abordar un tema, o non abordar o tema e aínda ter unha situación económica moito máis complexa, nese sentido considerando esas dúas cuestións, de que efectivamente se produciu unha información a cal se lle negou ó noso grupo, e despois vou a decilo con toda claridade, nos o que non podemos é votar a favor dunha cousa e a favor da contraria, e dicir que o crédito que acordamos aquí, acordemos hoxe de que non se pediu, entonces nos votamos a favor con todas as consecuencias de que se aprobara o crédito, e polo tanto o que habera que debater, é a formula para que ese crédito se gaste en función dos criterios que marca ese decreto, esa normativa, do goberno do Estado, que por certo eu creo que no caso do Concello debería ser coñecida, outra cousa é que eso choque con temas de carácter máis doméstico que non son tan doméstico, como é que con algún suministrador ou algunha empresa teñamos pendentes debedas, que hai que pagalas, e aplicando estrictamente o decreto habería que facerlle frente a elas, eso xa o sabíamos cando se pideu o crédito, polo tanto o que non ven agora a conta e que un ano despois, digamos que si o temos que gastar en pagarlle a AQUAGEST, xa non vale porque estamos negociando con AQUAGEST, pois ou valía cando o pedimos no mes de xullo ou non valía, e eso, sin entrar co tema da negociación con AQUAGEST que no camino que levamos tamén parece que se vai a dormir no limbo, polo tempo que se leva negociando, e que nunca sabemos que é o que se negocia, como se negocia, e cando vai a estar lista a negociación. En concreto nos vamos a votar en contra porque no seu momento e o digo claramente, porque no seu momento votamos a favor da solicitude do crédito e creemos que hai suministradores e empresas que merecen que se lles paguen anualidades que están pendentes con eles.

Resposta o Sr. Alcalde, que cando se solicita este préstamo se fai no marco, que as axudas da Administración Xeral do Estado concede ós concellos para facer frente á situación de baixada de ingresos é en consecuencia dificultades para cubrir as expectativas presupuestarias e en consecuencia compensar o Balance de Ingresos e Gastos, nos facemos uso deste préstamo, e cando facemos uso do préstamo non temos por que coñecer os criterios de Ordenación de Pagos que fixa un organismo que se chama Dirección Xeral de Coordinación Financieira coas Comunidades Autonomas o 5 de maio de 2009, nos pedimos o prestamos e logo nos atopamos que con data de 5 de maio esa Dirección Xeral dicta unhs criterios de Ordenación de Pagos que non tiñamos porque coñecer cando se pediu o préstamo, e nese criterio de ordenación de pagos, esixe pagar as debedas con máis dun ano de antigüidade que non están prescritas, pois as débedas deste Concello con máis dun ano de antigüidade que non están prescritas non son con pequenos provedores, porque os pequenos provedores se lles paga con 90 días, con 180 días, pero máis ala de 6 meses non, porque veñen aquí a defender o seu, as debedas con máis dun ano de antigüidade son con AQUAGEST, e con AQUAGEST desde sempre o que se fan son compensacións, todas as Administracións Locais fixeron compensacións, e aínda encima efectivamente con menos razón cunha expectativa de uns catro anos de extinción da Concesión, a AQUAGEST lle quedan aquí 4 anos, e para ben ou para



mal, nun ano ou dous hai que estar compensando a situación que se ten con AQUAGEST, porque vamos a pedir 300.000 euros para pagarlle a AQUAGEST, non é a finalidade, a finalidade son os pequenos provedores, e con eles as facturas de máis dun ano son excepcións, con eles se teñen retrasos de meses, porque son pequenos provedores, entóns evidentemente o crédito non cumpría a súa finalidade porque efectivamente o criterio de Ordenación de pagos, non nos deixaba facer o que nos pretendíamos, que era pagar, efectivamente á Imprenta, a SAR, o que é efectivamente o material de Administración, o que efectivamente sen dubída algunha implica pouco pero en moitos conceptos, e claro debes con máis dun ano de antigüidade se ten lóxicamente con AQUAGEST, e sería absurdo pagarlles cando estamos na recta final dun proceso que quedan catro anos. A razón pola que ven aquí a Pleno é unha razón puramente contable, isto se piden 325.000 euros, vemos a resolución de 5 de maio, e automaticamente non se collen, e os ten o Banco, pero contablemente, existe un concepto, pero por razóns contables ten que vir a Pleno, o que a existencia deste préstamo, porque, porque non existe, pero si estaba consignado no presuposto, entóns lóxicamente por razón contables hai que quitalo, entóns se hai unha resolución de 5 de maio que non nos permite cumprir os obxectivos, pois efectivamente devolvemos o diñeiro, e por razóns contables temo que ter o acordo plenario. Non se pode aplicar as razóns que vostede tivo en conta para votar a favor, perso eso tampouco lle vale. A situación é a que é, pero nos non temos ningunha culpa, a Administración Local de Ares no dictou a resolución de 5 de maio de 2009, e en consecuencia, non establece os criterios de ordenanza de pagos.

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán, manifestando que se están a facer unhas afirmacións, tanto polo Sr. Alcalde como polo voceiro do BNG, sobre o criterio de cómo se ia a pagar ese crédito, pero eu quería que se me explicara e que se me dixera aquí claramente, primeiro se o crédito pedido a disculpa de non utilizalo for por non pagar a AQUAGEST, ou se tivemos algún problema técnico por non cumprir algún obxectivo.

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que o pon claro o informe, que ditas debes con máis dun ano existen e non prescriben, pero di que básicamente se corresponden casi na súa totalidade con débedas coa empresa Concesionaria da xestión do suministro de auga potable, e debido a unha serie de discrepancias que se están resolvendo, e que existe a posibilidade que se efectue unha compensación con dita empresa que se fixo sempre, esta claro que non podemos pedir este préstamo, se pediron 325.000 euros, e a AQUAGEST se lle deben 253.000 euros, que vamos a facer pedir un préstamo e dedicarlle máis do 75% en pagar a AQUAGEST, estando negociando con AQUAGEST a renovación da concesión, é absurdo. O montante con AQUAGEST son 253.000 euros.

O Sr. Manuel Cendán di si eso non se sabía cando se pediu.

Resposta o Sr. Alcalde, que o que non se sabía eran os criterios de ordenación de pagos, e a razón pola que o aprobamos foi para pagar e pequenos provedores, e se non se cumpre a razón entóns é mellor renunciar a el, porque todos sabemos que a debeda con



AQUAGEST se compensa, non é unha debeda que se vai a liquidar, eso será fruto dunha compensación.

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Doval, di que non sabe o que tiña en mente o grupo de goberno, que tamen votou a favor da aprobación deste crédito cando se someteu á aprobación do Pleno, eu sei o que tiña en mente o BNG cando lle deu a súa aprobación, polo tanto eu non me situo na idea ou na disponibilidad, ou nos criterios que tiña o grupo de goberno, situome no acordó Plenario e o acordó plenario, fala de facilitar de cara a evitar situación polo que estaban a atravesar, provedores, pequenas empresas, os Concellos dispuxeran dun mecanismo para poder pagar, e certo que no momento en que se trouxo eso aquí, no Pleno non se identificaron cales eran os provedores que presuntamente estarían incluídos nese criterio, pero non é menos certo que todos sabemos uns máis que outros, e o grupo de goberno sabera, que hai multitude de provedores que se lles debe desde hai un ano ou posiblemente desde hai máis dun ano, o acordo plenario que nos votamos ía dirixido a un fin xenerico, que era facer frente a todo eso, e certo que as veces un querendo facer as cousas ben, se nos poida achacar que vostedes deberían de ter priorizado as facturas, non sei se o equipo de goberno as tiña priorizadas, faldando claro, había provedores pendentes de pagar e o Concello non tiña capacidade e había que resolver eso, o Estado da unha posibilidade de que eso se resolva e o Concello de Ares se acolle a esa posibilidade, e eso foi o acordó que tomamos. Co tema das datas, coidado co que se está dicindo, porque non é certo, cando nos tomamos o acordó no Pleno, exactamente, do día 24 de xullo, xa existía a resolución de 24 de maio, a mín no me corresponde levar desde o punto de vista xurídico os regulamentos que establecen os diversos gobernos para cumprir as cousas, non me corresponde a mín, esta claro que a resolución do mes de maio é previa ó acordó do mes de xullo, o decreto o que decía e que lle vamos a pagar á xente que lle debemos, para que non se poñan en peores condicións, e hai un procedemento por parte do grupo de goberno co resto dos grupos que é incomprendible, porque esto se sabe desde hai bastante tempo, posiblemente desde hai un ano. Vostedes non poideron ter levado a resolución cando o souperon, porque aquí hai un documento do Ministerio de Economía e Facenda que ten data de setembro do ano pasado, do 30 de setembro, hai hoxe exactamente un ano, poideron vostedes levar isto, falar co resto dos grupos, falar si priorizamos ou non priorizamos, e lle fago a pregunta, se poido vostede como membro do equipo de goberno trasladar ó resto dos grupos o problema que había na interpretación e ver o que se facía, non, esperamos un ano, e se o queres así ben e senón tamén, remato, eu votei a favor de pedir un crédito para pagarlle á xente que se lle debe, pasame un listado da prioridade de pago das facturas.

Resposta o Sr. Alcalde que como non se podía dar a prioridade que nos queríamos o devolvemos, e por razóns contables ten que vir a Pleno, e se non tivera que vir a Pleno por razón contables, nin viña a Pleno.



O Sr. Rodríguez Doval, di que non ven por razóns contables, ven por defecto dunha actuación política errada.

O Sr. Alcalde di que se pide o crédito para pagar a provedores, cando descubro que non se pode facer, non cumpro o mandato do Pleno, o mandato é clarito, pagar o provedores, non para pagarlle a AQUAGEST, que non pedimos este crédito para pagarlle a AQUAGEST.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que a información que eu teño da situación económica do Concello, difere moito da que ten vostede, e ese é o problema que deberíamos sentarnos todos, para saber cal é a situación real do Concello.

O Sr. Alcalde, di que o crédito non se pediu para pagarlle a AQUAGEST, estou seguro que si o aplico en pagarlle a AQUAGEST estariades a ponerme a parir aquí, se o devolvo malo, e senon o devolvo tamen malo.

Interven o voceiro do Partido Popular, Sr. Manuel Cendán, quen quere reiterar o que dixo antes, que habería que facer unha relación de facturas que teriamos que pagarlle a AQUAGEST levala a Comisión de Facenda, e este debate sería esteril.

O Sr. Alcalde preguntalle ó Sr. Cendán, cando te fuches da Alcaldía cando se lle debía a AQUAGEST, digocho eu, 175.000 euros, pois subeu a 250.000 mil, porque non lle pagaches ti a AQUAGEST, pois polas mesmas razón que eu.

O Sr. Cendán Fernández, pregunta se hai pequenos provedores que se lle deben facturas de máis dun ano.

Resposta o Sr. Alcalde que polo xeral non hai, non se lles debe máis dun ano, porque son os que veñen aquí, os que se acercan a pedir que se lles paga, a quen se lle debe máis dun ano, a CONCIFA, a AQUAGEST, a SOGAMA, ti sabes como se paga, a dinámica de tesourería é a mesma, con grandes sumministradores, como SOGAMA, FENOSA, CONCIFA, sabemos que hai esta o golpe das debidas de máis dun ano, os pequenos se non lles vas pagando os fundes. As empresas de prestación de servizo directo o Concello non se lles debe máis dun ano, a CELTA PRIX se lle debe meses, a Empresa de Servizos Sociais, tamen son meses.

Rematado o debate sometese o asunto a votación e o Pleno do Concello, por 9 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 3 P.P. e 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage, 2 votos en Contra (2 BNG) e 1 abstención (NAL), acorda presta-la súa aprobación ó expediente de modificación de créditos núm. 4/2010, e en consecuencia adoptar o seguinte acordó:

1º.- Aprobar con carácter inicial o expediente de modificación de créditos núm. 4/2010,



2º.- Someter a información pública por período 15 días, durante os cales os interesados poderán examina-lo expediente e presentar as reclamacións que estimen convintes, significándose que non caso de ausencia de reclamacións o acordó inicial elevarase a automáticamente a definitivo.

3º.- O estado resume de ingresos e gastos do orzamento queda como de seguido se transcribe:

ESTADO DE GASTOS:

a) OPERACIÓN CORRENTES.-

CAPITULO	CONSIG ANTERIOR	AUMENTOS	BAIXAS	CONSIG FINAL
CAPITULO 1	2.059.332,65			2.059.332,65
CAPITULO 2	2.032.201,98			2.032.201,98
CAPITULO 3	110.820,00			110.820,00
CAPITULO 4	249.311,94			249.311,94

B) OPERACIÓN DE CAPITAL.

CAPITULO	CONSIG ANTERIOR	AUMENTOS	BAIXAS	CONSIG FINAL
CAPITULO 5				
CAPITULO 6	1.746.342,37			1.746.342,37
CAPITULO 7	38.917,43			38.917,43
CAPITULO 8	10.453,11			10.453,11
CAPITULO 9	163.517,00	325.642,126	---	489.159,126
TOTAL	6.410.896,48	325.642,126		6.736.538,60

ESTADO DE INGRESOS:

A) OPERACIÓN CORRENTES

CAPITULO	PREVISION INICIAL	AUMENTOS	BAIXAS	PREVISION FINAL.
CAPITULO 1	1.420.994,47			1.420.994,47
CAPITULO 2	799.943,836			799.943,83
CAPITULO 3	1.122.410,44			1.122.410,44
CAPITULO 4	1.834.533,26			1.834.533,26
CAPITULO 5	104.712,00			104.712,00

B) OPERACIÓN DE CAPITAL



CAPITULO	PREVISION INICIAL	AUMENTOS	BAIXAS	PREVISION FINAL.
CAPITULO 6				
CAPITULO 7	107.494,86			107.494,86
CAPITULO 8	1.020.807,62	325.642,12		1.346.449,74
CAPITULO 9				
TOTAL	6.410.896,48			6.736.538,60

PUNTO NÚM. 3.- SOLICITUDE PARA A ANUALIDADE 2011 DE OBRA A INCLUÍR NO PCC 2008/2011.-

O Sr. Alcalde, manifesta que cando se fixo o Plan de Cooperación, 2008-2010, a nos nos tocou o primeiro ano, que foi a obra que se fixo na Rúa Ramón Pimentel- Avda. da Paz, houbo un remanente de vinte pico mil euros, entónces dende a Diputación nos dixeron que os tiñamos para facer algunha actuación, como estamos na dinámica do soterramento de contenedores, temos os da Praza da Constitución, os da Porta do Sol, e na Avda. de Mugaridos, xa executados, temos un cuarto xa aprobado e contratado e non comenzo a execución porque aínda non lle viñeron á empresa adxudicataria as pezas, para face-la obra que vai no Mazote, e agora xa queda o seguinte que vai na praza da Rega, que xunto cunha actuación posto que ten bastantes deficiencias en mobiliario urbano, entónces esta solicitude vai encamiñada en comenzo polo soterramento e despois facer unha pequena actuación.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o voceiro de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que quere iniciar a súa intervención dicindo que está en total desacordo co procedemento levado neste tema, aínda que si é verdade que na xunta de Voceiros de preparación do Pleno por parte do Sr. Alcalde se nos da conta da proposta vai a ser a de contenerización na praza da Rega de Chanteiro, entendo que este tema debería traer un dictame da Comisión de Urbanismo, e ademáis despexar algunhas dubidas, que no mesmo expediente ten, pouco antes do Pleno me dirixin ó Sr. Secretario da Corporación, pidíndolle o informe ó respecto, e parece ser que acaba de redáctalo o Arquitecto Técnico Municipal, e entre outras cousas ven en falta a dispoñibilidade dos terreos, que parece ser que a praza e municipal, debería de poñer no expediente a dispoñibilidade dos terreos, pero vou máis alá aínda que nos non estamos en contra das obras, o non ter propostas dos grupos, o mellor había outra necesidade con maior prioridade, aínda que a obra en si é importante e solventa a unha serie de veciños, o problema é que desgraciadamente aínda non o temos a nivel xeral do Concello, polo tanto si facer as obras, pero o procedemento, e importante, pero neste sentido a proposta da Alcaldía que se trae aquí que se traduce cun proxecto, se non hai outras propostas, ía ter a unanimidade dos grupos, que creo que estamos na mesma liña á hora de



executar estes proxectos, pero unha das dúbidas que se me plantexaba era no presuposto total da obra hai unha aportación municipal, ata chegar os cuarenta e seis mil euros do proxecto total, e a miña dúbida e que si se produce baixa me imaxino que se perderá.

Resposta o Sr. Alcalde que efectivamente o informe e de data de hoxe, pero nel se manifesta que os terreos por onde van a executarse as obras son de titularidade municipal.

O Sr. Luis Cendán, di que cando entrou no salón de Plenos dirixiuse o Sr. Secretario e me fixo saber que acaba de emitir o informe o Aparellador, eu descoñecía totalmente ese informe.

O Sr. Alcalde di que de todos é coñecido que a Praza da Rega é de titularidade municipal, e estamos diante do debate de sempre, que é, que vale que vaia á Xunta de Voceiros, e que non vale que vaia á Xunta de Voceiros, nos moitos temas levamos á xunta de Voceiros, porque nesa Xunta estamos todos, e non é a primeira vez que levamos un tema nunha Comisión, onde algun dos portavoces non esta, e se di logo que non coñece o tema, esa é razón polo que se leva á Xunta.

O Sr. Luis Cendán, dille o Sr. Alcalde, que comentou a proposta, pero o proxecto.

O SR. Alcalde di que estaba alí enriba da mesa.

O Sr. Luis Cendán, di que son feitos consumados, que o escrito tivo entrada o nove de xullo e nos deu conta o 27 de setembro.

O Sr. Alcalde resposta que cando nos trouxeron o proxecto, o proxecto estaba na Xunta de Voceiros, o tiña Carballo enriba da mesa, eu non levo a documentación que vai as Xuntas de Voceiros eso é un tema do Secretario ou de quen fai de Secretario, cantas veces se di Moción do Grupo tal e se lle pide para vela. Aquí trátase de aprobar a solicitude para o ano 2011, entón a aportación municipal tería que ir no orzamento do ano que ven, tratase simplemente de facer a solicitude, que se necesita, pois o único que se necesita é os terreos e o proxecto, a aportación municipal non se necesita para a solicitude, a aportación municipal como é para o ano que ven, ira prevista nos orzamentos do ano que ven. Como vamos facer para a aportación municipal, pois o que vamos a facer é na Consellería de Industria pedir o mesmo, porque sabes que as subvencións non son incompatibles, e loxicamente podes facer unha actuación con subvencións de varias procedencias, entonces na Dirección Xeral de Industria vamos a pedir este mesmo soterramento, e algo nos darán, e entón complementamos a obra, e si que é certo que si non se complementar teremos que ir a aportación municipal, pero eso loxicamente será nos orzamentos do ano que ven.

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval, manifestando que sobre o tema do procedemento como é unha cousa que xa levamos falado aquí máis veces, non lle vou a dar máis voltas, se poden facer as cousas dunha maneira e se poden facer doutra,



tradicionalmente se ven facendo da maneira que comentaba o portavoz que me precedeu, cando se refería a Plans de Cooperacións, a Plans de Obras que tradicionalmente coñecemos como Plans de Obras e Servicios, se lle trasladaba á Comisión correspondente a circular, dicindo que hai esto, vai haber este Plan, estamos obrigados a investir tanto, se os grupos teñen propostas traianas aquí, é evidente que desde hai algún tempo non estamos nesta fase, estamos na fase na que se nos trae xa o proxecto que ten pensado o grupo de goberno e en moitos casos sen posibilidades de facer unha proposta alternativa e sobre todo de concretala nun proxecto, e certo que nos tampouco podemos andar encargando proxectos cada tres por catro, porque os proxectos valen diñeiro, o máis normal sería pulsar cal é a sensibilidade maioritaria que poida haber a respecto dun investimento concretalo nun proxecto e despois traelo, que se traía á Xunta de Portavoces non quere dicir que non vaia pola Comisión, porque eu teño claro que é o que ten que facer a Xunta de Portavoces, e a Comisión de Portavoces pode expresar que a Comisión correspondente tratou este tema e os grupos chegaron a un acordó ou non, adianto esto, aínda que nos vamos a votar a favor da proposta que se trae, pero creo que estamos incurrindo nun mecanismo que ó final é un pouco perverso, a día de hoxe non temos copia do rexistro de entrada e saída desde hai bastantes meses, polo cal tampouco sabemos os documentos que entran e non nos podemos enterar de todo o que ven aquí, que quero dicir con todo isto, que non costa ningún caro, que cando chega un documento da Deputación con entrada o día 9 de xullo, creo que houbo máis dunha Comisión de Obras e máis dunha de Urbanismo, púdoose levar a unha ou a outra, a calquera das dúas non vou a entrar en batallas por eso, en todo caso ten que ir, se lles da a coñecer os grupos e igual que saleu isto, que parece lóxico que se faga, poden sair moitas cousas, pois todos temos capacidade suficiente para pensar. Despois ollo co tema da proposta que acaba de facer o Alcalde, non vaia ser que despois onde dicimos digo tiñamos que dicir Diego, os Plans de Deputación obriga irremisiblemente a facer unha aportación Municipal, que non se pode compensar con outra que nos de outra Institución, outra cousa é que o Concello lle pida para outra actuación á Consellería de Industria, pero o diñeiro que temos que poñer como Concello no Plan de Cooperación da Deputación, non é amortizable co diñeiro doutra administración.

Acto seguinte toma a palabra o Portavoz do P.P. Sr. Manuel Cendán, manifestando que van a votar a favor, pero tamen da as queixas sobre o procedemento, isto habería que lévalo a Comisión e falalo, pode haber outros sitios no Concello que o mellor habría que priorizar.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación, e en consecuencia adoptar o seguinte acordó:

1º) Participar no Plan de Cooperación cos concellos PCC 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar dos investimentos que se indican de seguido:



DENOMINACION	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Soterrado de Colectores do Lixo en Praza da Rega-Chanteiro-Ares	46.727,86	26.076,51	20.651,35
TOTAL	46.727,86	26.076,51	20.651,35

Aprobar, os correspondentes proxectos técnicos.

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º) Para o financiamento da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

4º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

5º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello esta ao corrente nas súas obrigas Tributarias e coa Seguridade Social.

6º.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN S DICTAAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACION DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidentencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril. O Concello Pleno dase por enterado.



PUNTO NÚM. 5.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-

A) Moción do P.P. sobre liquidacións negativas correspondentes á participación nos ingresos do Estado ano 2008.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE GALICIA SOBRE AS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS CORRESPONDENTES Á PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO DO ANO 2008

O Ministerio de Política Territorial ven de facer públicos os datos relativos á liquidación da Participación das entidades locais nos Ingresos do Estado correspondentes ó exercicio 2008

As cantidades que teñen que devolver as entidades locais galegas como consecuencia da liquidación do ano 2008 ascenden a 106.284.655,29 €.

No caso concreto do Concello de ARES o importe a devolver ascende a 94.163 €.

Esta situación produciuse como consecuencia da falla de previsión do Goberno de España, presidido polo Sr. Rodríguez Zapatero que, empeñado en negar as consecuencias da crise económica, presentou no ano 2008 uns orzamentos cunhas previsións de ingresos que estaban moi lonxe da realidade.

Agora, no peor momento da crise económica e ó tempo que experimentan unha notable baixada dos seus ingresos, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais van a verse obrigadas á devolución de importantes cantidades como consecuencia dos erros do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero.

A esta situación hai que engadir que o Goberno de España continúa incumprindo o seu compromiso de abordar a reforma do financiamento local para garantir o principio de suficiencia das facendas locais.

A reclamación efectuada polo Goberno de España neste momento podería poner en risco o mantemento dos servizos públicos de titularidade local, razón pola que compre solicitar que se deixe sen efecto a liquidación efectuada ou que, no seu defecto, se adíe o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual en un prazo de dez anos.

Ademáis, para garantir a suficiencia financeira das facendas locais, o Goberno do Estado debería garantir, como xa fixo a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local no ano 2010, que ningún concello perciba menos ingresos durante o ano 2011 en concepto de Participación nos Ingresos do Estado que os que ven percibindo durante o ano 2010.



Por todos os motivos expostos, o Grupo Municipal do Partido Popular de Galicia proponlle ó Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Dírixirse ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para solicitarlle que deixe sen efecto a liquidación negativa correspondente a Participación nos Ingresos do Estado do ano 2008 ou que, no seu defecto, se adíe o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual en un prazo de dez anos.

2º.- Dirixirse ó Ministerio de Política Territorial para que o Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos que percibirán as entidades locais durante o ano 2011 en concepto de Participación nos Ingresos do Estado non sexan inferiores que os que venen percibindo durante o ano 2010, tal e como ten realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local durante o ano 2010.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán, manifestando que como xa é público e notorio por parte do Ministerio de Política Territorial se está a minorar os ingresos das Administracións Locais, en concreto no caso de Ares nos corresponde devolver 94.163 Euros, e como xa vimos no punto núm. 2 deste Pleno que estivemos debatindo, en tema de pagos a situación financeira dos Concellos é lamentable, esto ben en consecuencia que o Goberno do Estado non tomou a realidade, do que ía a suceder no país, que era a crise económica, e en consecuencia a finalidade de todo isto a van a pagar os Concellos que son os que teñen que dar os servizos, por parte da Administración do Estado e das Comunidades Autonomas dan Competencias ós Concellos pero o financiamento e as aportacións económicas nunca son as que teñen que ser, e eso leva consigo o afogamento destas institucións. Eu creo que por parte da Xunta de Galicia se fixo os deberes co Fondo de Cooperación, se tomaron medidas se vai manter o criterio das subvencións, se vai a incrementar en tres millóns de euros, e por riba se vai a manter todo isto co imposto das eólicas, creo que parte do Goberno do Estado nos temos que facer unhas peticións que son as seguintes:

1º.- Dírixirse ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para solicitarlle que deixe sen efecto a liquidación negativa correspondente a Participación nos Ingresos do Estado do ano 2008 ou que, no seu defecto, se adíe o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual en un prazo de dez anos.

2º.- Dirixirse ó Ministerio de Política Territorial para que o Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos que percibirán as entidades locais durante o ano 2011 en concepto de Participación nos Ingresos do Estado non sexan inferiores que os que venen percibindo durante o ano 2010, tal e como ten realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local durante o ano 2010.

Eses son os dous puntos de consideración de acordo para que o Pleno tome a súa consideración.



Interven o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán, manifestando que como hai unha proposta de acordo por parte do Grupo Municipal Socialista, creo que no fondo tanto a proposta de acordo como a proposta da resolución da Moción veñen a dicir o mesmo, mellor era que interviñera o portavoz Socialista, posto que os camiños son diferentes pero o obxectivo é o mesmo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que o que engade a emenda do grupo municipal Socialista, e as referencias á Federación Española de Municipios e Provincias, e a Federación Galega de Municipios e Provincias, sobre estes temas hai xa pronunciamentos tanto da FEMP, como da FEGAMP e en consecuencia as reivindicacións son exactamente as mesmas, o que pide a emenda é que se faga a través da representación dos Municipios, pide dirixirse a través da FEMP ó Ministerio de Política Territorial para valorar ou estudar un adiamento ou formula semellante das devolucións municipais correspondentes á Participación nos Ingresos do Estado do ano 2008, tras o peche da liquidación, que tamén o pide o Partido Popular pero nos pedimos que se faga a través da FEMP, despois o punto 2 de dirixirse o Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para adoptar aquelas medidas que garantan o mantemento do PIE no ano 2011, que tamen o pide o Partido Popular, pero a emenda Socialista pide que se faga a través da FEMP, e por ultimo pide respaldar a proposta feita pola FEGAMP ó Goberno da Xunta de Galicia para incrementar nun 12%, e aquí existe diferenza coa proposta do P.P., os fondos incondicionados do Fondo Galego de Cooperación Local, segundo o acordado no Pacto Local, enton sería no primeiro e segundo punto o que di o P.P. pero a través da FEMP e no terceiro lóxicamente pedir un incremento do 12% tal e como efectivamente a proposta que lle fixo a FEGAMP.

Toma a palabra o Voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Doval, manifestando que ano pasado cando falamos do tema da organización daquelo dos 30 anos das Corporacións Democráticas, sobre o ambiente nos comentarios que tivemos flotaba a crítica ou a reflexión de que pouco tiñamos andado para o que andiveron os Concellos, que pouco teñen andado os gobernos que teñen que arbitrar ou articular o financiamentos dos Concellos, que pouco teñen andado na procura de formulas, que realmente garantan que os Concellos deixen de ser unha especie de ventanillas de reclamación onde hai que andar a pedirlle a todo o mundo, ter sorte de ter o amigo de turno, estar co goberno amigo, etc., etc, a día de hoxe é evidente que este tema non esta solventado, non está solventado a nivel xenérico porque aínda esta pendiente de actualizar o sistema de financiamentos dos Concellos, que co caso dos Concellos Galegos, teñen en conta dúas cousas que nos diferencian para nosa desgracia e que polo tanto deberían de compensarnos podernos avanzar, por exemplo no tema da dispersión dos núcleos de poboación, Galiza ten practicamente a metade de todos os que ten o conxunto do estado, trinta e pico mil de sesenta mil que hai no Estado, e despois tamén o tema do envellecemento da nosa poboación, sempre estamos aquí falando desto ó fío de conflitos que van aparecendo que son un pouco o resultado da falta de clarificación dunha certa ou non tan certa inseguridade na que se move o tema do financiamento dos Concellos, e xa nesta ano concreto que estamos no 2010 evidenciado como consta



nos orzamentos que aprobou esta corporación nunha baixa do que viña sendo a aportación do que fixo o Estado o ano pasado ó noso Concello. Bueno porque digo todo isto, porque máis ala deste tipo de cuestións, habería que ter unha capacidade para non andar a matar moscas a cañonazos, que é un pouco o que se está facendo cando veñen estes conflitos e si chegar a un acordo político que sustanciara ó principal, porque a mín tamen me costa moitísimo entender que nos sucesivos gobernos que houbo no Estado cos centos de veces que se prantexou este tema e especificamente nos últimos anos no que se plantexou un novo financiamento para Galiza que tivera en conta precisamente o tema da dispersión dos núcleos de poboación, pois que estemos aínda como estamos a día de hoxe, e digo isto aplicado ós criterios que ten o Goberno do Estado, digo isto á falta tamen dunha ofensiva política e da propia Xunta para negociar eso e despois tamén despois a falta dunha acción exemplarizante por parte da Xunta no sentido de tomar en serio o financiamento dos Concellos, a día de hoxe nin esta a debate nin se espera unha proposta concreta sobre unha de Lei de Financiamento dos Concellos Galegos por parte da Xunta, dese tema fala todo o mundo cando veñen as eleccións pero non está en absoluto abordado, neste sentido as dúas propostas que se traen hoxe aquí son declaración de boa fe, non sei se son iguais ou parcidas, se son iguais votase unha, pero a mín me da impresión de que non son iguais, e polo que se verte despois nos medios de comunicación un se da conta de que non son iguais, o P.P. esta dicindo unha cousa e o PSOE esta dicindo outra pero curiosamente nese pin pan pun, ninguen fala do cerne da cuestión, que é efectivamente a situación de desamparo que temos os Concellos Galegos, como resultado de termos que colocar un alcantarillado en zonas que están despoboadas que costa tres ou catro veces máis que en zonas poboadas, de ahí a explicación dos núcleos de poboación, nos seríamos favorables a que este tema se abordara non o fío de cuestións colatorais que son importantes pero non son as fundamentais e que houbera un acordo que nos levara a discutir o fundamental, nese sentido a nos non nos representa a proposta que presente o P.P., nin a proposta que presenta o PSOE, porque non entran no fondo da cuestión, nese sentido vamos a manter unha posición de abstención pero tamén dicindo que si houbera posibilidades de chegar a un acordo que precisamente reclamase o que é o trasfondo de todo isto nos non teríamos ningún problema en poñer toda a carne no asador, aportar o que temos que aportar e que saíra un acordó por unanimidade, pero o que ven hoxe aquí e parte dunha batalla fundamentalmente mediática ou electoral que pouco ten que ver coa realidade dos nosos concellos, que aínda e moito máis grave que todo isto, polo tanto vamos a abstermos.

Acto seguinte intervén o voceiro do Partido Popular, Sr. Manuel Cendán, manifestando que nos non coincidimos porque non é o mesmo a proposta 1 e 2 do PSOE conteñen modificacións dos acordos da nosa moción.

O Sr. Alcalde di que o mesmo, no punto ti pides que se adie, e nos un adiamento, e ó mesmo, dando seguidamente lectura o punto 2. Manifestando que o punto 1 e 2 son idénticos agás o da FEMP, e cambia o punto 3 porque claro parece que efectivamente pedirlle o goberno de España vale pero despois pedirlle a Xunta non



vale, non se lle pide a Xunta un 12% máis de cartos non, se lle pide a Xunta que dos cartos que da axa un 12% máis de gastos incondicionados é dicir que o Concello poda gastalos no que queira.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que o 12% non é certo, que ese non foi o acordo que se tomou na FEGAMP.

O Sr. Alcalde resposta que non se lle piden máis cartos, que se pide máis gastos incondicionados, a Deputación por exemplo no POS do ano que ven volve a permitir que un tanto por cento sexa para gasto corrente, e nos pretendemos que se aumenten os fondos incondicionados esa é a diferenza entre a vosa e a nosa, porque o primeiro e o segundo punto son iguais salvo o da FEMP, pero senón votamos primeiro a emenda e despois se é rexeitada votamos a moción non pasa nada, non tes porque acepta-la, se non votamos a emenda votamola.

O Sr. Manuel Cendán, fi que esto do 12% no Pacto Local non foi, acordado.

O Sr. Alcalde di, buenos pois poñeños – Respalda a proposta feita pola FEGAMP ó Goberno da Xunta de Galicia, para incrementar os fondos incondicionais do Fondo Galego de Cooperación Local según do acordado no Pacto Local-, non poñemos 12 por si non é 12, ¿te vale sin poñer 12?

Resposta o Sr. Manuel Cendán, si.

Acto seguinte sometese a votación a Moción do P.P. coas emendas feitas polo PSOE e o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 3 P.P., 1 NAL e 1 Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage) e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordó:

1.- Dirixirse, a través da FEMP, ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para valorar e estudar un adiamento –ou fórmula semellante- das devolucions municipais correspondentes á Participación nos Ingresos do Estado no ano 2008, tras o peche da liquidación.

2.- Dirixirse, a través da FEMP, ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para adoptar aquelas medidas que garantan o mantemento do PIE no ano 2011, nunha cantidade non inferior á do ano 2010.

3.- Respalda a proposta feita pola Fegamp ó Goberno da Xunta de Galicia para incrementar os fondos incondicionados do Fondo Galego de Cooperación Local, segundo o acordado no Pacto Local.



B) Moción do B.N.G. solicitando apoio da Corporación á Folga Xeral do día 29 de Setembro.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO O APOIO DA CORPORACIÓN Á FOLGA XERAL DO 29 DE SETEMBRO.

A crise económica ten a súa orixe na aplicación de doutrinas políticas que construíron unha economía dominada polo capital financeiro e cada vez máis desconectada da economía produtiva e das necesidades reais dos pobos e as persoas. Así, quedaron demostrados os efectos perniciosos duns mercados financeiros desregulados, e a ineficacia dun modelo produtivo baseado no sector da construción e na actividade inmobiliaria.

A análise que propiciou as medidas que se recollen na reforma laboral parten dunha concepción errónea. Nela responsabilízase ao mercado de trabado do alto nivel e forte crecemento do desemprego. Non obstante, a dinámica de creación e destrución do emprego depende doutros factores, ligados principalmente ao dinamismo económico. Así, organizacións como a OCDE, que inicialmente defenderon a argumentación de que canta maior protección laboral, maior desemprego, no ano 2006 corrixiu as súas teses. Efectivamente, as causas do gran incremento do desemprego en Galiza radican no esgotamento dun modelo produtivo que tivo os seus principais eixos na baixa produtividade e na especialización en actividades de escaso valor engadido, cuxo exemplo máis claro é a creación dunha burbulla ao redor da actividade construtiva e inmobiliaria, cuxo estando acentuou a intensidade do desemprego. A isto, úñense outros factores, como a falta de competencias e existencia de vetos a Galiza para poder desenvolver completamente os seus sectores produtivos, como ocorre no sector naval ou o leiteiro, ou as limitacións no acceso ao crédito por parte de PEMES e autónomos. Estas son razóns polas que a reforma laboral do goberno do PSOE non resolverá os problemas estruturais da economía galega, posto que non contempla medidas eficaces que permitan loitar contra o alto desemprego existente. A reforma laboral non vai crear emprego porque a causa da crise non radica no mercado de traballo nin na súa suposta rixidez. Constátase que o gran aumento do desemprego en épocas de crises afecta especialmente ao Estado Español, con caídas do PIB equivalentes á media da



Unión Europea, destrúese máis do dobre de emprego que na eurozona. E, no caso galego, entre 2007 e 2010 dobrouse o paro, xa que se pasou de 96.700 persoas a máis de 211.000. De feito, despois de aprobada a reforma laboral, comprobamos como en Galiza o paro rexistrado creceu durante o mes de agosto en 1743 persoas, o que significa un incremento do 0,8% con respecto ao mes anterior. Este dato amosa até que punto é falso que a reforma laboral sirva para crear emprego.

Pola contra, a actual reforma, que aumenta a flexibilidade no despedimento e na aplicación do salario pactado, atrasará a saída da crise e fará recaer sobre a clase traballadora as súas consecuencias máis dramáticas, supoñendo un recorte nos dereitos dos traballadores e traballadoras.

Un dos aspectos máis desacertados da reforma é o feito de abaratar e facilitar o despedimento. E con respecto ao pago polo FOGASA dunha parte da indemnización polo despedimento, esta supón un abaratamento do custo do despedimento por parte do empresariado, xa que só asumiría parte da indemnización, polo que, a efectos prácticos, o empresario terá maiores incentivos para o despedimento de traballadores. Tamén é especialmente grave a maior apertura á iniciativa privada da intermediación laboral. É necesario mellorar a intermediación laboral e reforzar os servizos públicos de emprego.

Ante esta reforma laboral é necesaria unha forte contestación social e política, como a convocatoria de folga xeral o vindeiro 29 de setembro, que desde o Bloque Nacionalista Galego apoiamos para que se muden as políticas económicas contrarias aos intereses de traballadores e traballadoras e da sociedade en xeral, ao tempo de defender un modelo económico que garanta prioritariamente o benestar das persoas a través da súa estabilidade nos empregos e o acceso a servizos públicos de calidade. Polo o exposto, o grupo municipal do BNG no concello de Ares solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDÓ Apoiar a convocatoria e a mobilización da Folga Xeral do vindeiro 29 de setembro.”



Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que obviamente nos non pedimos que o pleno da Corporación se posicionarán a respecto da Folga o día seguinte da folga, senón que o pedimos antes, o digo porque hai público diante, que saiban que a proposta do BNG esta presentada no rexistro con data 10 de setembro, o que pedíamos e que se poidese dar un pronunciamento da Corporación, pensamos ademais que unha mínima consideración na que aparentalmente se quere facer entender as razóns da convocatoria da Folga aínda que non se apoie levaría a que nunha situación como a que ten a nosa Corporación, e aquí cada un de nos nos poidesemos manifestar, e que saíse a posición maioritaria da Corporación, e evidente que como non se deu a convocatoria do Pleno, como o BNG non pode recurrir a ese trámite de solicitar un Pleno extraordinario, nos atopamos cunha especie de pequeno experpento que é que nos pronunciamos sobre a folga o día seguinte do que foi a folga, polo tanto nos vamos a retirar a moción esta, entre outras cousas porque vemos que non houbo interese ningún en que este tema se debatiera, coa importancia que tiña ven a Pleno un día despois, e sobre todo vamos a retirala porque sa falou a xente, tratabase de considerar a posibilidade de apoio da Corporación, pero como non houbo interese, non ten sentido que nos pronunciemos a favor dunha folga que foi o día anterior, non vamos a introducir máis doses de experpento a outras que xa se dan aquí, retiramos a Moción.

Resposta o Sr. Alcalde, que a moción foi presentada o día 10 de setembro de 2010, e nela non se pide que esto vaia a un Pleno extraordinario, vai ó ordinario, e o ordinario pois efectivamente é hoxe, e ademais non hai ningún escrito no que se lle pida ó Alcalde que faga un Pleno extraordinario, a mín ninguen me dixo que tiñades interese en debatir isto antes de hoxe, tivemos unha xunta de portavoces e non se dixo nada, eu penso que a folga xa estaba fixada en xuño, todos sabemos en xuño que a folga é o 29 de setembro e ti presentas isto o día 10 de setembro, se o presentaras o de 10 xullo, ou o 10 de agosto, iría a tres plenos, ti o presentaches cando quiseches en setembro, eu xa sabía en xuño que había folga, tiveches tres plenos, entón a situación de experpento as veces as creamos os mesmos, en consecuencia a culpa a ten o Alcalde, sabemos que hai folga desde xuño, e ti tiveches tres plenos antes.

O Sr. Rodríguez Doval, di que a mesma moción presentouse en todos os Concellos e por exemplo en Fene saíu aprobada incluso con algún votos do PSOE, entón o experpento non é o BNG o experpento debe ser vostede.



C) Moción do PSdeG-PSOE relativa a Resolución de 22-07-2010, que regula as subvencións para o mantemento dos Centros de Información ás Mulleres.

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta MOCION, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Consello da Xunta aprobou na sesión celebrada o pasado 15 de xullo unha resolución do Servizo Galego de Igualdade que establece as bases reguladoras das achegas económicas que este ano recibirán os 77 concellos galegos que son titulares dos Centros de Información á Muller. Nesta Resolución, a Xunta introduciu importantes modificacións no sistema de subvencións para estes servizos, poñendo en grave risco a supervivencia de moitos destes.

Os Centros de Información á Muller son departamentos que proporcionan todo tipo de asesoramento ás mulleres e que poñen o seu empeño en acadar a igualdade de xénero. Os equipos que os forman (psicólogas, avogadas, técnicas e demais), xogan un papel fundamental na lita contra a violencia machista, partindo dunha análise pormonerizada de cada realidade e ofrecendo todas tipo de solución as vítimas para que poidan empezar unha nova vida tras unha situación de maltrato físico ou psicolóxico. Boa parte deste traballo grupal céntrase, por tanto, en facer fronte os casos máis graves e perigosos de desigualdade entre mulleres e homes, que son os que teñen lugar cando aparecen conductas que atendan contra a dignidade da muller.

A axuda que os CIMS presta á sociedade –ademáis de loitar contra a violencia machista asesoran á muller noutros ámbitos e promoven campañas para acadar a igualdade de xenero- non só é recoñecida polas usuarias, moitas das cales non se atreverían a interponer denuncias contra os seus agresores de non contar co respaldo destes centros. A maioría dos concellos galegos precisa deles para atender ás necesidades da súa veciñanza, e así teñen manifestado numerosas responsables municipais, sobre todo en datas recentes e alertadas polas decisión da Xunta nesta materia.

Os CIMS non deixaron de incrementar a súa actividade dende que foron creados, un feito que amosa a importancia destes servizos. Os concellos realizan cada



ano un importante esforzó económico para poder mantelos, un esforzó que debe ser correspondido e tido en conta pola Xunta de Galicia.

A resolución aprobada o 15 de xullo conleva unha merma importante de recursos económicos, unha diminución que nalgúns casos fará imposible que as entidades locais manteñan un servizo polo que debe velar a propia Administración autonómica, que de xeito unilateral decidiu rebaixar as achegas a aqueles centros que non contan cun equipo fixo. Polo de agora, a gran maioría dos concellos conta con persoal laboral eventual para cubrir estas tarefas. Polo tanto, a Xunta de Galicia con esta resolución está a poñer unha soga ó pescozo a case a totalidade dos CIMS de GALICIA.

A esta modificación nas subvencións hai que engadir que o Servizo Galego de Igualdade pretendeu limitar a un máximo de 4.000 euros as achegas para as distintas especialistas que traballan nos Centros de Información da Muller, unha redución moi significativa con respecto a exercicios económicos anteriores. Ante o malestar amosado por numerosos representantes municipais, o organismo autónomo corrixiu sobre a marcha a cantidade para establecer un máximo de 14.000; con todo, esta cifra aínda é menor que a que os concellos viñan percibindo.

Esta resolución da Xunta de Galicia, que en ningún momento foi pactada nin falada cos representantes dos concellos (os alcaldes foron informados un día despois de que o Consello da Xunta tomara o acordo), súmase á lista de continuos ataques ás estruturas coas que conta (ou contaba) a Administración autonómica para loitar pola igualdade entre mulleres e homes. O caso que nos ocupa é moi grave, posto que as afectadas son as mulleres máis vulnerables, que buscan asesoramento nos CIMS para saír dunha situación de violencia que pode, incluso, acabar coas súas vidas.

Por todo o anteriormente exposto SOLICITAMOS a adopción do seguinte acordó:

Instamos á Xunta de Galicia e rectificar a Resolución de 22 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras que rexeran as axudas e subvencións a entidades locais para o apoio ós Centros de Información ás Mulleres, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, e a **concertar en colaboración cos concellos unha rede que garanta o servizo dos CIMS e que consolide o seu funcionamento cara o futuro.**

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Trátase dunha Moción onde se solicita á Xunta a rectificar a resolución de 22/07/2010 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e Subvencións ás entidades locais para o apoio ós CIMS e se proceda á súa convocatoria para o ano 2010 e a concertar en colaboración cos Concellos unha rede que garanta os servizos dos CIMS e consolide o seu funcionamento cara o futuro”.



Ábrese un turno de intervencións, Intervén o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán: “Eu decir que me imaxino si é verdade o que se expón, me imaxino que será consecuencia da falla de ingresos, debido á crise xeral, o víamos antes no plan de deputación a baixa das obras e agora co tema dos orzamentos da Xunta que poden afectar neste aspecto ao tema tan importante que os Concellos estaban dando a través dos CIMs o asesoramento e información á muller. Todo o que sexa recorte ou axuste á baixa creo que é mala nova para calquera cidadán e para os que os representamos, por tanto creo que todo o que vaia en contra de recortar servizos xa en funcionamento e durante varios anos que se están prestando a política tendente era o incremento a maiores e agora nos ven os reaxustes debido ao que sabemos, á crise. Debemos de tratar de evitalo no futuro pero a solución vai ser difícil, porque igual que afecta nesta materia afecta en moitas máis. Os ingresos das administracións son os que son a nivel de Estado, as transferencias tamén se reducen, os ingresos ás CCAA, por tanto o último en pagar este pandote e a consecuencia dunha política que desgraciadamente está dando os resultados que está dando, creo que non é unha boa noticia. Amosar o noso posicionamento en contra de calquer recorte de servizo e o noso voto vai ser favorable e si logo das intervencións se argumenta ou desminte o que aquí se expón, cambiaremos, pero o sentido do voto vai ser a favor.”

Intervén o voceiro do Grupo non adscrito Sr. Echevarria Lage:”dada a importancia deste servizo eu cada vez que miro, primeiro querían que esto saíra a diante con 4000 euros, non entendín ben, e posteriormente se pasa a 14.000 esto é unha tomadura de pelo. Decir ademais que todo o que sexa incrementar esta cantidade, con este servizo que para min é dos máis interesantes, eu vou votar favorablemente”.

Intervén o voceiro do BNG:”Vamos votar favorablemente, o asunto ten transcendencia e o máis importante o acordó que se propón e non que a Moción foi presentada con data 13 de setembro cando tivemos polo medio o pleno do 29 de xullo e 26 de agosto e se podía ter presentada e non se fixo. Vamos votar a favor.

Intervén o Alcalde-Presidente: “A Resolución é de 22 de xullo, e se rectificou e subíu a 14.000.”

Intervén o voceiro do BNG: “Houbo dous plenos”

Intervén o voceiro PP Sr. Manuel Cendán: “Vamos a desmentir todo o que se está decindo nesta Moción porque non é certo; decir que sí coindimos na importancia dos CIMs pero que non é certo que o tema económico esté en perigo. Isto foi pactado coa FEGAMP e vamos decir as cantidades, este ano se poñen a disposición dos Concellos na convocatoria 3 millóns de euros e nos últimos anos foron 11, en catro ou cinco anos. E eso se pode comprobar no DOG coas convocatorias. Este ano concretamente o incremento do orzamento é de 800.000 € En relación coa convocatoria deste ano é convinte decir que o sistema da subvención mudou a requirimento dos Concellos que demandaban simplificación burocrática. Qué quere decir que os Concellos demandaron cambios e a FEGAMP aplaude, os Concellos se queixaban de non ter cartos para pagar as nóminas e se lles van adiantar cartos.”



Intervén o Alcalde_Presidente: “O CIM de Ares tiña unha achega de 28.000 € e a orde ten un máximo de 14.000 €”

Intervén o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán:”A subvención son 77 concellos e se aprobaron os cambios e din que esta ben e o anticipo de pagar ata o 80 %”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Ti sabes o que gaña unha psicóloga, un abogado, porque ti a tiñas, e nós temos uns abogados que lles pagamos 6000 € máis barato que a ti, sae, e hai un administrativo, e un asistente social e recibíamos 28000 €e agora dí a resolución vai dar ata un máximo de 14000€ eu non sei máis, que máximo 14.000 € baixa á metade, esa é a razón da metade.

Intervén o voceiro do PP SR. Manuel Cendán Fernández:”Eso non pode ser, porque o que está claro está claro, a convocatoria ten o visto favorable da FEGAMP en todo incluíndo melloras como os anticipos. Son competencias municipais”

Intervén o Alcalde_Presidente: “Antonte a Conselleira de facenda remitíu unha carta. Con 28000 €non se pagaba psicóloga, abogada, administrativo e psicólogo, perdoa, é competencia municipal, perdoa, seguimos pagando a limpeza do centro de saúde, do CPI e as facemos sen ser competencia. Pagamos nós. Hai unha vontade da Xunta e dos gobernos de incentivar estes servizos, se crean e agora baixan á metade e en ano de crise. Non pode ser. Por moito que recorten os conselleiros como din un 54% pero en gasto social non. Qué facemos co CIM con 14000 € o suprimimos. Porque non se pode mater e non é obrigatorio, o ten o concello que quere. Cómo o vamos manter. É moi difícil, suprimiremos o CIM.””

Intervén o voceiro do PP. SR. Manuel Cendán:” Qué pasou, qué problemas houbo, case a metade dos concellos tiveron problemas de xustificación cos gastos do CIM”.

Intervén o Alcalde_Presidente: “Nós o xustificamos.”

Intervén o voceiro do PP:”Che estou decindo que van dar o mesmo.”

Intervén o Alcalde_Presidente: “A orde pon un máximo de 14000.”

Intervén o voceiro do PP Sr. Manuel Cend:”Che estou decindo que incrementaron e o tema é que foron os propios concellos que fixeron mudar as normas polos problemas de liquidez. Como fai Deputación”

Intervén o Alcalde_Presidente: “Neste Concello de Ares hai trinta e pico ou corenta dependentes, dos cales piden libranza e como esto costa, non a da. E dan axuda no fogar. Hai 31 en axuda a domicilio, destes, o coste do servizo é sobre 300 euros por persoa multiplicados por trinta da 100.000 máis ou menos e recibimos 44.000 €e en dependencia recibimos 183000 dun total de 360.000. A onde vamos, o Concello de Ares non pode soportar isto, para o CIM 14000 en Axuda no Fogar 183.000 cando gastas 360.000, pagas limpeza do colexio, onde está a Xunta.”



Intervén o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: "Non é o Concello de Ares. As administracións locais están asfixiándose, dan competencias sen cartos."

Intervén o Alcalde_Presidente: "se a subvención do CIM de Ares baixa a 14.000 € non podemos mantelo."

Intervén o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán:"Algo haberá que facer. Non pode baixar. Os concellos se lles van adiantar."

Intervén o Alcalde_Presidente: "Que paguen as limpezas que incrementen dependencia, que non o fan"

Intervén o voceiro do PP:"Eu xa o dixen dan competencias sen cartos, pero neste caso non. Mudou a orde e se incrementou, pode ser un erro, non pode baixar"

Intervén o Alcalde_Presidente: "De acordo, de momento puxeron 4000 e subiron a 14000, e sigue estando moi lonxe dos 28000.

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 9 Votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 2 B.N.G., 1 NAL e 1 do concelleiro nons adscrito Sr. Echevarria Lage, e 3 votos en contra (3) do Grupo Municipal do P.P., acorda prestarlle a súa aprobación á Moción anteriormente transcrita.

D) Moción do PSdeG-PSOE sobre Fondos de Rehabilitación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

No diario oficial de Galicia de data 19 de xullo pasado, publicouse a resolución do 1 de xullo de 2010 do Instituto Galego de Vivenda e Solo, polo que se convocan as subvencións a fondo perdido para rehabilitación e renovación da calidade das vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia.

Ademáis da existencia de vivenda rural no conxunto dos concellos galegos, Galicia dispón de máis de 85 Concellos con Cascos Históricos que se estaban a aproveitar desta subvención co obxecto de potenciar e poñer en valor o seu patrimonio histórico-arquitectónico. Esta tarefa, por parte de moitos Concellos, se estaba a levar a cabo dende fai anos con unha clara vocación política de conservación do mellor do noso patrimonio e dende a coordinación institucional.

Cada ano, o Goberno galego tense involucrado cada vez máis, e as subvencións a rehabilitacións e renovacións de vivendas era cada vez máis importantes, permitindo o mantemento dunha dinámica de arranxo das edificacións moi beneficiosa tanto para a



ciudadanía en xeral como para a creación de emprego no ámbito das empresas de construción. Na anterior lexislatura deuse un salto cualitativo moi importante, froito tamén do compromiso coa rehabilitación impulsado dende o Goberno de España a través do Ministerio de Vivenda, e as axudas foron solicitadas por un número moi importante de persoas, redundando todo elo nun mantemento e nunha mellora dos nosos Cascos Historicos certamente notable.

Así no ano 2009, a subvención por “cédula de rehabilitación de calidade” tiñas unhas subvencións máximas que non podían superar o 50% do orzamento total da obra que era os seguintes:

- Para rehabilitación ano 2009 máximo de 24.000 Euros a fondo perdido por vivenda, que podían ser compatibles con outras subvencións, por exemplo A.R.I. (Aresas de Rehabilitación Integral).
- Para a renovación ano 2009 máximo 30.000 Euros a fondo perdido por vivenda, que podía ser compatible con outras subvencións A.R.I.

Este ano, dentro das medidas fronte a crise, o Goberno de España ten decidido que as obras de rehabilitación estén exentas de paga o IVE, para impulsar a actividade económica dun sector moi afectado pola actual situación económica e para seguir permitindo que os cidadáns que máis precisan contén con axudas para ter unha vivenda digna e en condicións de habitabilidade, seguridade e accesibilidade concordantes coas necesidades actuais.

Fronte a esta actitude, o Goberno galego, a través da Resolución do 1 de Xullo, reduce de maneira irracional estas subvencións pasando as obras de rehabilitación de 24.000 Euros subvencionables a 6.600 Euros, e as de renovación de 30.000 Euros do ano 2009 a 8.800 Euros neste ano. Como podemos comprobar reducíronse un 72% as subvencións a fondo perdido para os particulares, o que vai a provocar innumerables consecuencias todas elas de gran calado:

- Afecta esta decisión a particulares que xa tiñan realizado a obra, dada a tramitación dos proxectos, das cédulas e as axudas que se veñen realizando da mesma maneira dnde fai 15 anos –reducíndose hasta en 20 mil euros as expectativas das axudas, coas consecuencias inmaxinables.
- Esta decisión provoca un parón irremediable nunha dinámica de rehabilitación de máis dunha década, que servía ó tempo para mellorar os cascos das nosas vilas e cidades e para mellorar as condicións de vida de moita xente.
- Perxudicase de maneira notable a empresas pequenas dedicadas á rehatilitación e a construción que precisaban neste momento de incentivos para a súa actividade económica e o mantemento do emprego.
- Minóranse de maneira importante os ingresos dos concellos a través do ICIO, cando a financiación municipal está pasando un momento difícil.



- Reducense fondos para unha política estratéxica en materia de vivenda mentras a Consellería responsable triplica eses fondos no que dedica a publicidade.

Por todo o exposto o Pleno do Concello aproba a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

- 1) Instar á Xunta de Galicia a deixar sin efecto a Resolución publicada o 19 de xullo e modificar as cantidades dedicadas ós fondos de rehabilitación de vivendas nos Cascos Históricos e no ámbito rural.
- 2) Instar á Xunta de Galicia a converter a rehabilitación nun eixe prioritario para impulsar a actividade das empresas da construción e permitir a mellora das condicións de vida dos galegos e das galegas.
- 3) Levar adiante unha liña de axudas á rehabilitación que permitan o acceso a estes fondos por parte daqueles colectivos que teñen máis dificultades económicas e que viven en barrios ou áreas con edificacións máis deterioradas.
- 4) Instar á Xunta de Galicia a informar ó conxunto da poboación das medidas impulsadas polo Goberno de España no que se refire ó impulso da rehabilitación e da eliminación do IVE destas obras.
- 5) Consensuar coa FEGAMP as liñas de acción e axudas para garantir o acceso á vivenda digna polo conxunto da sociedade galega.

Intervén o Alcalde_Presidente: “Nesa Moción sucede algo parecido, nas subvencións a fondo perdido para mellora das vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia, volve haber un recorte e en consecuencia a proposta de resolución é:

1.- Instar á Xunta de Galicia a deixar sen efecto a resolución publicada o 19 de xullo e mudar as cantidades adicadas aos fondos de rehabilitación de vivendas no ámbito rural e cascos históricos.

2.- Instar á Xunta de Galicia a converter a rehabilitación nun eixo prioritario para impulsar as empresas constructoras e mellora das condicións de vida de galegos/as.

3.- Levar a diante unha liña de axudas á rehabilitación que permitan acceso a este fondos a colectivos con dificultades económicas e que vivan en barrios ou áreas deteriorados.

4.- Instar á Xunta de Galicia a informar ao conxunto da poboación das medias impulsadas polo gobernos de España no que se refire ao impulso da rehabilitación e eliminación do IVE nestas obras

5.- Consensuar coa FEGAMP as liñas de axudas e acción para garantir o acceso a vivenda digna ao conxunto da sociedade.



En consecuencia temos que na resolución de 1 de xullo se reduce a subvención pasando as obras de rehabilitación de 24000 € a 6000 € subvencionables e as de renovación baixan de 30000 € a 8800 €. As axudas para rehabilitación e renovación de vivendas baixan un 72 %. A Consellería de Facenda mandou unha carta aos conselleiros pedindo aos conselleiros que recortaran un 54 %, e eles o fan. Ábrese un turno de intervencións”

Intervén o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: “Reproducir o mesmo que xa dixen antes, estamos na mesma situación isto é unha cadea. Se reducen os orzamentos pola crise e pola baixa de ingresos e nos vindeiros días e meses virán máis resolución neste senso porque estes recortes chegarán a todo e é pura lóxica. Neste caso é por unas subvencións para axuda á rehabilitación pero home, os gobernos responsables de gobernar por unha parte están na obriga de recortar, en qué aspectos, ahí podemos estar de acordó máis ou menos uns con outros pero podemos poñelos na balanza e ver prioridades e estamos collidos debida á situación que estamos atravesando. En cando á Moción anterior e ao escrito que enviou a Conselleira de reducir un 50 % pero tamén sabemos que o goberno do Estado non había liquidade nin o 50 % á Xunta (Comunidades). Isto é unha cadea e sempre paga a administración local, non se ingresa, da o servizo e o tema da dependencia xa se falou aquí, se pon en funcionamento a lei sen financiación e os concellos teñen que aplicala e o lío está armado. Este é un reflexo do recorte que vai haber e creo que non será o derradeiro, que algún conselleiros/as Terán que recortar moitísimo máis para axustar ingresos e sabemos que a Lei de Facendas Locais obriga aos Concellos e hai un marxe de endebedamento superior ao da reforma da Lei e estamos de acordó en que un recorte que poda repercutir como neste caso, no caso concreto do Concello de Ares o tema da Rehabilitación é importante pero non é primordial porque a recadación do IVE por rehabilitación neste Concello non é do máis importante que temos, pero bueno, é un asunto que debemos de abordar e estamos en contra de todo o que supoña recorte nos servizos que se están prestando e este é un máis e vamos votar favorablemente á Moción e seguramente van vir moitísimas máis Mocions no mesmo sentido. Nada máis”

Intervén o Concelleiro D. Francisco Echevarría Lage: “Eu pediría que o recorte fora noutro eido pero como non pode ser, nos atenderemos ao que hai. Vou votar a favor.”

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: “Vamos votar favorablemente e quero aproveitar o debate e unha cuestión que flota no ambiente como a necesidade de políticas de austeridade, unha política de austeridade sería a desaparición do Ministerio de vivenda, non é razón política nin ideolóxica, é funcional, a maioría das competencias están transferidas ás CCAA, habería que ver a forma de racionalizar e aforrar, porque si ao final o Ministerio só valga para trasladar os cartos da rehabilitación, se fai un cheque e punto. É importante porque nese debate parece que só falamos de reducir e pensó que hai pendiente unha reorganización da administración do Estado que sigue co mesmo esqueleto dende hai moitos anos cando tendemos a fórmulas máis directas de contacto coa cidadanía. O do Ministerio de Vivenda nunca entendín para qué vale porque dan os cartos que lle chegan dos nosos impostos e o Ministerio programa e as CCAA xa teñen as estratexias. O trasfondo é o problema que se expón na Moción e nós vamos a darlle o noso apoio ao contido da Moción”



Toma a palabra o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: “Eu o mesmo que dixen na Moción anterior e indicíu o voceiro do BNG. Esta competencia do Ministaerio que negocia coa Xunta e que aínda non fixou a reunión para o convenio e a Xunta mant´en a aportación da Xunta e o goberno central non asina o convenio para estas axudas. Decir que nós estamos en contra desto, porque vemos que é unha Moción partidista que non amosa a realidade e sí estaría disposto a aprobar unha Moción consensuada na que a Corporación defendera estas axudas. Deixar constancia que a Xunta de Galicia, a súa aportación a fai e quen ten que reunirse e poner os cartos é o goberno o estado e aínda non o fixo, logo de reiteradas reunión para chegar a este acordó non se fixo o convenio porque o Goberno do Estado aínda non fixou a data. Ésta é a situación e deixar claro que a Xunta mantén o tipo de subvencións e a partida a mantén tal como a viña mantendo os últimos anos.”

Sometida a votación á Moción o Pleno do Concello por 9 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 2 BNG, 1 NAL E 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage, e 3 votos en contra do P.P., acorda prestarlle a súa aprobación á Moción antes transcrita.

E) Moción do BNG solicitando a posta en Marcha dun Plan de Prevención de Incendios Forestais no Término Municipal de Ares.

Dase conta da Moción do B.N.G. do seguinte teor literal:

MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTÁIS NO TERMINO MUNICIPAL DE ARES

O incendio rexistrado o pasado 4 de Setembro na zona de Montefaro puxo de relevo a crítica situación na que se atopan os montes no noso concello como resultado da falta dunha política de reorganización do espazo forestal e, en definitiva, da posta en valor e prevención efectiva do que significa a lacra dos incendios forestais. De feito, o que afortunadamente foi un feito puntual e felizmente resolto mercede aos efectivos de extinción, poidera ter rematado perfectamente - ao igual que ten acontecido cíclicamente - na destrución do conxunto de masa forestal do que coñecemos como península de Montefaro.

Os nefastos efectos producidos polo "Klaus" - que deixou inzados os nosos montes de restos de árbores que fan intransitábel a maioría dos camiños existentes - aínda están presentes a día de hoxe. Pero, sobor de todo, hai que facer mención ao abandono da actual Consellaría do Medio Rural do que habería de ser unha verdadeira política de prevención; adicando os seus esforzos exclusivamente ao dispositivo de extinción entre os meses de Maio e Outubro.

A desaparición - ou minimización ata o ridículo - das axudas para a eliminación de mato nos perímetros de seguridade dos núcleos de poboación rurais dacordo coa *Lei de Prevención de Incendios Forestais*, ten levado a que no caso do noso concello - onde se tiñan feito ata de aquela achegas por un valor de



33.000 euros para prevención e cuadrillas - non se teña feito actuación algunha desde o ano 2008 neste campo. E conven lembrar aquí que as axudas previstas e dotadas orzamentariamente polo anterior goberno galego - no que o BNG tina a responsabilidade da Consellaría de Medio Rural - foron suspendidas polo novo goberno do PP, que tampouco as puxo en marcha para o presente exercicio.

Estamos, como dixemos ao comezo, nun concello cunha importante e ampla zona de masa forestal que, ademais, abarca a importantes zonas do punto de vista paisaxístico e natural: Montefaro, O Segaña, Coitelada, etc.; e que require, pois, o deseño dunha política concreta e activa na posta en valor do noso monte e, concretamente, un traballo de concienciación - co apoio explícito do goberno galego - sobre a reorganización do *espazo* forestal como unha parte importante da defensa do territorio e, en definitiva, do futuro.

Estas accións de prevención corresponden, como dixemos, corresponden prioritariamente á Xunta de Gaiiiza, pero tamén deben ter un complemento importante na responsabilidade do concello por manter limpa e transitábel a rede viaria municipal; nomeadamente aquela que dá acceso aos montes existentes. Non é de recibo dispór dos medios técnicos como os que ten na actualidade o concello de Ares, e manter unha rede viaria - nomeadamente, no rural - como a que aínda podemos ver a día de hoxe.

Neste sentido, desde o Grupo Municipal do BNG no concello de Ares solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

A C O R D O :

- 1.- Demandar da Consellaría de Medio Rural a posta en marcha dun plan de prevención de incendios forestais no término municipal de Ares, con medidas específicas que incentiven a reorganización e posta en valor do noso espazo forestal.**
- 2.- Implementar, ao mesmo tempo, unha política activa desde a institución municipal no desbroce e limpeza do viario municipal; como xeito de contribución á prevención dos incendios forestais.**

Ten a palabra o voceiro do BNG SR. Rodríguez Doval: “Simplemente unha reflexión sobre o contido da Moción, xa que a parte dispositiva é bastante clara. A ninguén se lle escapa e aos que xa nos tocou estar en máis corporacións, toda a masa forestal no noso Concello, península Montefaro, Coitelada, Segaña, pois ó tempo que constitúe un dos grandes pilares dende o punto de vista natural, paisaxístico, estratéxico e en condicións normais de explotación económico, toda esa zoa constitúe un gran referente para o noso Concello pero durante tódolos anos, e no verán, sempre aparece a espada de Damocles e estamos agardando se arde ou non. A min tocoume durante o mes de xullo/ agosto estando paseando pola zoa tocoume percibir como todo aquilo estaba abandonado como resultado de que non se retiraran os restos do Klaus e baixei en bicicleta e me deu a sensación de que ía arder. Canda tres ou catro anos, é cíclico e ardía e arrasaba todo. Afortunadamente o incendio do 4 de setembro estivo controlado e parte porque había unha situación na nosa comarca o índice de incendios foi alto e permitiu que o



operativo actuou coordinado e amplo no seu número e o puiden percibir. En calquera caso volvendo ao fondo. Pensamos que no tema da Política Forestal hai unha débeda pendente de facer por parte do goberno galego que é unha política medio e longo prazo que invista dende o punto de vista do cidadán da importancia do monte, non é que paseemos e nos guste ver as árbores, senón que hai políticas que poden incentivar a recuperación do monte como unha fonte de ingresos. Son políticas a medio e longo prazo e non é menos certo que durante o goberno anterior a Consellería de Medio Rural puxo en funcionamento políticas innovadoras nas que se queren reflectir países de Europa e de fora dela, como foi o Banco de Terras as Unidades de Xestión Forestal, a concepción fundamental de que o importante non é ter unha boa política de extinción de incendios senón de prevención. É bastante evidente para calquera que poda ver cómo se atopa a zona que por sorte non arde e agora veñen as chuvias e agardemos que nos boten unha man e en calquera caso temos unha situación cara o ano que ven que sigue sendo a mesma. Os fondos asignados ao noso Concello o pasado ano, e estamos a espensas de que o lume sexa pequeno e haxa efectivos e os que coñecemos a zona sabemos que si se incendia isto é un regueiro e pode arder todo. A nosa proposta pensando no ano que ven e a que se contén nestas propostas:

Demandar da Consellería de Medio Rural que se poña en marcha un plan de prevención de incendios que parta de políticas que poñan en valor a zona dos nosos montes, colaboración cos particulares e en segundo lugar, que nós actuemos de xeito pedagóxico facendo ou implementando políticas de colaboración na parte que nos corresponde como os viarios municipais que non só contribúen a que non haxa máis incendios e que a xente vexa que predicamos co exemplo. Son dúas propostas concretas e pensamos que a parte de pedirvos o apoio para que este tema vaia a diante isto se convirta en acción de goberno e poidamos ver que nalguna medida se fixo e se presionou á Consellería de Medio Rural e mellorar o que se estaba facendo fai tres ou catro anos.”

Toma a palabra o Voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: “Simplemente quería apuntar varias cuestión neste tema porque entendo que o termo municipal de Ares, a Xunta imaxino que pensará e no resto dos concellos e o plan se o vai facer o fará a nivel xeral. Creo que aquí tanto hai competencia da Xunta en cuanto a certos montes e tamén as hai municipais. Dende logo hai a obriga para os cidadáns que temos, de limpar os nosos montes e propiedades e había que comezar por ahí, non cumplimos como cidadáns e menos como institución locais con competencias para ordear esa obriga e máis a Xunta. É un tema complexo e os medios este ano, como decía o voceiro do BNG na comarca tivo pouca incidencia, actuaron ben en Montefaro os medios que se puxeron para a extinción do incendio humanos e materiais, porque o vimos e creo que a administración neste caso actuou ben. Creo que aquí a política que había que facer era de mentalización e reponsabilidade a través de bandos á cidadanía para responsabilizarnos e co tema do Klaus, sabemos que os rastroxos, árbores tirados e eso é un polvorín. Este ano non se limparon e siguen ahí e das un paseo e te atopas con restroxos e por tanto eso é un incentivo á hora de avaliar o impacto. Eso o sabemos todos e ademais é así. Todo o que se faga nese senso, na prevención é favorable e a intención da Moción é que se arbitre un servizo concreto para o caso de Ares e estamos de acordo e tamén quería facer fincapé ás nosas responsabilidades como



cidadáns e institución. En rogos e preguntas lle direi ao Alcalde un rogo sobre o termo municipal neste senso.

Todos temos que concienciarnos, sobre todo os propietarios, que ademáis esto ven dexenerando porque como os Concellos poñemos o servizo de desbroce e practicamente os cidadáns teñen o dereito a reivindicar que o Concello limpie as súas propiedades. Estamos dando un servizo que é obriga do propietario, para que a súa propiedade non rebase o acceso público. Creo que a política no futuro debe ser de mentalización e que todos temos que ser responsables e que si a Xunta fai un plan para todos os concellos e para Ares moito mellor, o noso voto vai ser favorable pero quería facer fincapé en estas matizacións interesante.”

Intervén o Voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: “Estamos de acordó co segundo punto, pódese matizar o co primeiro tamén, pero nos extraña que esto o expoña o BNG, cando levaron o tema de incendios con gastos que duplicaron o coste que vemos agora. Deixando esto xa, a argumentación que coincidimos, deixar claro que o tema do Concello a responsabilidade das pistas a ten, pero ter os montes limpos é dos propietarios, e por mediación de bandos ten que obrigar aos vecinos e propietarios a ter os seus montes limpos e senón, como competencia municipal, pasar os tractores e pasarles a factura. Sí se pode facer isto e no eido das competencias municipais pois poder darlle un incentivo deste xeito de que se comunique aso propietarios que os montes teñen que estar limpos e que se pode facer pasándolles o coste.

No resto do tema da Xunta non vamos entrar e o que corresponde ao Concello de Ares que é o que pide a Moción, creo que tampouco deixar o contido na reopnsabilidade do Concello porque non temos capacidade para todo isto. O primeiro é comunicalo aos vecinos e ante a gravidade facelo e pasar a factura porque farían falla media docena de tractores.”

Intervén o Alcalde_Presidente: “Hai un elemento importante o reparto dos GRUMIRES, que se deron con criterios moi dispares. Hai un acordo xenérico no eido da FEGAMP e no Pacto Local onde os GRUMIRES vandesaparecendo onde se poñen parques de bombeiros e aínda hoxe, no se fixo. En Ares tódolos anos hai risco de incendio na zona de Montefaro e non temos un GRUMIR e no caso de Ares se presta dado a masa forestal e espazos naturais que temos, e a complexidade do espazo de Montefaro. Non digo que o teñamos completo, pódese poner de manifestó que se teña en conta a Ares no reparto de GRUMIRES. Coa anterior Xunta a proposta da Xunta e a FEGAMP foi que nos deran GRUMIR. Houbo revuelo, e había Concellos que o ían perder, houbo revuelo e se parou e non voltamos saber nada máis, e siguen tendo o GRUMIR os de sempre incluso con parque de bombeiros.Ou ben medio GRUMIR hai que abrir o debate e presenza dunha cuadrilla forestal que nos permita actuar de xeito inmediato e profesional, en materia de incendios.

Cómo intervimos agora, con Protección Civil (voluntarios). Os únicos profesionais que Ares enviou ao incendio foi a Policía Local o resto foron voluntarios e o camiión de protección civil. Esa non é forma de atallar o risco anual que hai en Ares. Manolo, non sei si consideras oportuno meter algo dos GRUMIRES, que nese plan de prevención de incendios forestais con medidas específicas que incentiven a prevención, que se considere o tema do GRUMIR para



Ares; non sei cómo os van repartir pero me temo que o conservarán os que teñan parque de bombeiros”.

Intervén o Voceiro do NAL SR. Luis Cendán: “Esta xa foi unha loita do Concello de Mugar dos e Ares xa solicitara o tema e está encorsetado e blindado por moitos Alcaldes da FEGAMP, e se aferran a eso. Hai que quitar a uns para darlle a outros”

Intervén o Alcalde_Presidente: “O tema de Mugar dos, e por Tojeiro, esa industria ten os seus medios específicos para acometer sinistros. Un GRUMIR si explota Tojeiro é sair correndo. A Forestal ten o seu propio Parque de Bombeiros e Plan. Aínda por riba lle vamos a pagar a Tojeiro o parque.”

Intervén o Voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: “Se pon a excusa de Tojeiro, pero independentemente deso tú ben sabes que dentro da FEGAMP eso está blindado por algún Alcalde que teñen poder e non soltan o GRUMIR, aínda que non lles faga falla. O tema é de reparto. Non é porque non se solicite nin porque non teos dereitos, pola masa forestal ou outro motivo. Eso está encorsetado na FEGAMP e non hai xeito”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Manolo, ¿podemos facer unha referencia aos GRUMIRES?”

Intervén o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: “nós da redacción do 1º punto e como nos centramos na política de prevención, quixemos facer fincapé na prevención porque cremos que o outro é pan de hoxe e fame pa mañá, hai que facer porque non arda. Ahí vedes que se demanda á Consellería de Medio Rural. A Consellería que outorga os GRUMIRES é Presidencia e estes van máis aló da extinción de incendios. E é certo o conflito da FEGAMP e sigue existindo. Nós seríamos partidarios de que dende o acordó xenérico e fundamentalmente pola preocupante situación do monte en non tanto pola escaseza de efectivo de extinción. Alcalde eu creo que eso o ten que facer medio Rural a competencia de montes ten que ser dunha consellería, non de tres. Me gustaría que Ares estivera cubertio cunha cuadrilla e non cun GRUMIR. A cuadrilla é máis profesional que os GRUMIR que van aos accidentes e ás veces dirixen o tráfico ans festas patonais. Dende a amplitude que ten a proposta que facemos nós, lle correspondería ao propio Alcalde desenvolver esto. Se Medio Rural nos garante non só prevención senón un grupo de extinción me dou cun canto nos dentes e senón, mancomunala con Mugar dos ou Fene para que exista un GRUMIR, que este tema non se da solventado porque hai presións fortes con este goberno e o anterior, hai que decilo. Eu deixaría esto aquí independentemente que sobre o tema dos GRUMIR haberá que facer algunha xestión, pero non o misturaría co tema da prevención. Sei e acredito dun xeito fondo que ten que ser Medio Rural quen implemente, e suscribo o de que hai que limpar o monte. Pero pasa que hai tres anos a Xunta poñía cartos para estas limpeza e agora nin se poñen cartos nion se limpa. Deixaríamos a Moción como está, e non quere decir que non abordemos o tema do GRUMIR e dirixiríamos esta demanda a Medio Rural, para ver cómo van facer isto Medio Rural. Creo que os GRUMIRES aparecen situados nunha consellería que non é Medio Rural, como un xeito que en lugar de abordar o tema en fondo, o facemos por parroquias e on creo que sexa o correcto. E en



materia de incendios ó estar centralizado todo en Medio Rural nos perdemos, coa sensibilización cidadán e con outras consellerías. Deixaría o tema así, e non porque non teñamos problemas co do GRUMIR, senón que ó mellor abrimos a espita do tema e a miña opción é ver máis lóxico que teñamos un GRUMIR entre Ares, Mugardos e Fene, non só para Ares e xa entramos no debate da FEGAMP, pero aproveitando que o Alcalde está no Concello Federal pois podemos meter o dente aquí, cos criterios e función do GRUMIR.”

Intervén o Voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: “Con respecto ao GRUMIR eso é unha loita perdida, eso está encorsetado e se chegou a un acordó coa FEGAMP que fixo o reparto segundo dixo a FEGAMP, tantos Concellos para un e para outros e tantos para os independentes e está inmovilizado dende hai 15 ou 20 anos. Os Alcaldes que teñen presionan aos partidos e eu loitei por eso e non houbo nada que facer e non se move nada. É o que fan os partidos, deixalo como está, coincide que algún concello ten parque de bombeiros e é o que hai e non vai mudar. Loitar por outras medidas como dixo o voceiro do BNG como cuadrilla de incendios, pode ser pero GRUMIR non. Aínda que o Concello mude de cor político é o mesmo, sigue loitando, tanto fan incendios como van aos accidentes e se usan para facer pequenas obras, e ninguén quere perder eso. Disgusto porque a orde lles obriga cambiar ao persoal tódolos anos e querían ter á xente fixa e pola orde hai que cambiar á xente. Esta é a situación, a miña posición é clara non coincidimos coa exposición de motivos da Moción, sí nos acordos e nos vamos abster.

Sometida a votación o Pleno do Concello por 9 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 2 BNG, 1 NAL E 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarria Lage) e 3 abstencións do Grupo Municipal do P.P. acorda prestarlle a súa aprobación a Moción anteriormente transcrita.

Seguidamente e antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase si algún voceiro ten algunha Moción para presentar pola vía de urxencia, non presentándose ningunha.

Punto nº 6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán: “Quería facer unha pregunta. En liña coa Moción que acabamos de abordar co tema da Malata, houbo uns vecinos que solicitaron un plan de prevención por causa da maleza a algún se lle requeríu que cortara e se lle abríu expediente sancionador e parece ser que hai un escrito que se presentou no Concello pedindo un informe da situación real dalgúns terreos da Malata, nonsei si se contestou ou enviou a Policía”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Sí hai un grupo de vecinos, se visitaron e no que nos corresponde a nós, que son os camiños públicos se fixo, e no Chao do Monte se arranxou o camino dúas veces o estropeou un camión e se voltou a arranxar, se desbrozou e ahí hai problemas gordos entre algún e se denuncian recíprocamente. As peticións se lle corresponde de acordó coa lei de protección manetr un ámbito limpo pola proximidade de casas, k pois é así, logo quen ten que limpar denuncia ao outro para que limpe porque lle parece a él. Por qué un sí e outro non. Sí hai conflito, podemos decir que incluso a situación xa avocou a ese contexto de que non ves pedir para ti senon para fastidiar a outro. A ese non lle podon mandar unha carta porque non ten casas próximas. A idea é pedir un pland e incendis para ver si así lo fastidio e



ten que limpar. Nós fixemos o que puidemos, enviamos a carta a quen tivemos que facelo, co informe da policía local e o que non ten casas próximas, non se fixo. Creo que ahí, a situación é complicada e hai vecinos que se queren facer dano entre eles, entendo que ese é o contacto.

Intervén o Voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: "Eu quería que si aplicas un criterio para uns tamén para os outros"

Intervén o Alcalde-Presidente: "Onde a lei manda se aplica e onde a lei non obriga non se lle pode obligar a limpar porque non hai casas preto. Plans de prevención, pois onde a Lei obriga."

Intervén o Voceiro do NAL Sr. Luis Cendán: "Outra pregunta, agora que as faltáchedes polo Porto e Estacas, xa vos dixera nun rogo, que na transversal de San Andrés e Consistorio, hai un bache e alí quedou o bache, e foi unha pena cos camións de arriba abaixo, botarlle algo porque a verdade."

Intervén o Alcalde-Presidente: "Se hai que botarlle aglomerado se fai. Sabes onde é Pepe, subes para Papellas e alí a esquerda un bache no medio da estrada."

Intervén o Concelleiro D. Francisco Echevarría Lage: "Xa o preguntara na Comisión e volvo a preguntar en qué fase está o de Konkreto na rotonda e o dos tres apartamentos na Avda de Redes de Ángeles Perille"

Intervén o Alcalde-Presidente: "A situación dos áticos está en execución, se fixeron as notificacións por boletín, porque non as recollia, por edictos e xa estamos en exdución impondo multas cohercitivas acumulativas. En qué vai quedar? Irán a Xuizo e dirán si as multas están ben ou non, é complicado e xa en fase de multa cohercitiva pois a ver cómo se vai enfocando o tema porque non fan caso e o seguinte paso é desobediencia penal, si se lles manda da Alcaldía que fagan e non fan, é un delito de desobediencia e haberá que mandarles aos abogados que impulsen unha denuncia por desacato e desobediencia. Logo o tema das Anclas hai unha solicitude do promotor para que os apareladores fagan unha visita para comprobar a legalidade das obras e xa houbo moitas visitas e en todas había cousas que estaban mal. E haberá que ir e se vai ir, pero lóxicamente a impresión é que non se vai ir a nada bueno porque non fixeron as modificacións. Dende hai tempo se está cun tira e afloxa non cumpren, engañan din que fan e non fan e a proba evidente é que remataron a obra cando estaba paralizada e só podían facer acomodación. É unha situación que se ten que resolver agora porque os apareladores irán a mirar e a situación da obra é esta. A impresión que temos e que siguen igual, non respetaron as indicacións aparte de que hai un contencioso, eles consideran o noso proceder incorrecto e que se pronuncie un xuíz e teñen unha multa que non pagaron. A situación é penosa, non pagan a multa, recurren as decisión e te engañan. A situación é complicada para uns empresarios que invirten ahí os seus cartos con esa falla de repseto, non o entendo, por qué se complican a vida. Só tiñan que facer as obras que indican os servizos técnicos, e caso resolto. Por certo no Porto siguen tendo un edificio con dous accesos a garaxe cando o proxecto ten un. E no Mazote, tapaban non unha rúa pero sí un espazo libre entre dous edificios. É un desorden mio importante."



Intervén o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: “Tres cuestión breves, si hai coñecimento oficial aquí dalgúnha incidencia na execución das obras da EDAR no tramo que vai paralelo a Saavedra Meneses, non sei si hai problemas con COSTAS pola execución das obras fronte a Saavedra Meneses, e si hai algún problema con Costas para isto. Outra é si sabemos algo da ampliación do CPI con respecto a ese tema e outra si é que vai a vir ou si está aquí e o vamos a someter a aprobación o proxecto do novo centro de saúde, e houbo moitos debates a respecto da idoneidade e se un se guía polos medios de comunicación parece que a Consellería licitará esa obra e por si o proxecto está aquí, creo que debemos opinar sobre o mesmo.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “O tema das obras da EDAR o colector xeral vai polo paseo marítimo e a cota vai nun puntos a cinco metros e noutros de sete. Evidentemente é un burato importante, a empresa adxudicataria está valorando a idoneidade da execución do proxecto, por razón de danos á fachada marítima e eles teñen que facer un teste dos inmobles para ver os que teñen fendas e pandar coas que se causen. Están pendentes de facer un protocolo de danos das estruturas dos edificios para que logo non se lles imputen outras cousas, de fendas por así decilo. E facer as primeiras catas, están pensando e non descartan modificar o proxecto. Eu descoñezo a modificación nin si vai ser necesaria e si se vai levar a cabo. Si eles consideran que hai risco buscarán unha vía alternativa, e Costas non pon ningún problema, de momento, os colectores en cascos urbanos permiten ir polos paseos marítimos segundo a Lei. O único problema é que nalgúns tramos a cota ía a sete metros, eso é area. Están un pouco preocupados e dándolle voltas a ese tramo que técnicamente é complicado e non sei cómo van enfocar, a parte de que nuns tramos vai polo paseo marítimo, noutros tramos recupera colectores que xa discorren polo baixo, e neses empates van ter que tirar parte do muro.

En canto ao CPI hai efectivamente unha pregunta no Parlamento de Galicia que fixo a Deputada voceira Beatriz Sestayo con data 22 de agosto, a pregunta se fixo en xuño, e o 22 de agosto a Consellería contesta por escrito que están facendo os estudos técnicos para construción do novo CPI. REcoñecen que aínda están cos informes técnicos e aínda non está o proxecto. O compromiso coa actual consellería foi en xuño, e en agosto esta resposta por escrito, que están cos estudos de construír o colexio de infantil no aparcadoiro. E logo con respecto ao Centro de Saúde a consellería citoume dun día para outro, do mércores para xoves pasado e fun, e me amosaron o prego e a resolución de licitar este ano, o orzamento 2.263.000 € e o proxecto pero non me deu nada, ningún papel. O proxecto ten soto, baixo, primeiro e baixo cuberta, en extensión de toda a parcela, multiplica por catro o actual. é un edificio impresionante, multiplica por catro o espazo actual, no soto van servizos estruturais e aparcadoiro, no baixa recepción, 5, 6 7 espazos para consultas médicas, para cando creza o servizo, hai sala materno-infantil, ambulatoria, de matrona, pediatría, con sala de espera diferenciada sen adultos; uns avances moi significativos. Efectivamente a parcela é deles porque lla decimos en plena propiedade e o proxecto é deles porque son os que lician e escollen o modelo con participación privada. Pensó que ata nin sequera van pedir licenza prque ans condicións de cesión ía a vontade do Concello de prestar todos os permisos e de non cobrar taxas. Me temo que van licitar



e o proxecto. Outra cousa é que dende o Concello nos despracemos á Xunta pidamos o proxecto e o sometamos lóxicamente a información pública para que a cidadanía o coñeza. O principio tal como o fixemos, o terreo é deles, o proxecto é deles, licitan e contratan eles e nós, no acordó de cesión lles dimos os parabñens á execución. Non creo que o proxecto veña ao Concello a someterse a licenza; pode vir para que o vexamos e explicar á cidadanía como vai quedar pero nada máis. No acordó de cesión lles eximimos de todos os requisitos. O que me puxo sobre a mesa foi o básico e agora licitan o proxecto básico e a empresa adxudicataria licita o de execución a min me ensinaron o básico o de execución on fai a empresa adxudicatara, quen gañe, o que significa é que ó mellor entre o de execución e o básico non sei si haberá diferencias, pero non creo porque ten que concretar o de execución pero non creo que difira do básico.”

Intervén o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán:”Quería facer vaias preguntas, cómo está o tema das Modificacións Puntuais”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Manolo, se queres intervenir?”

Intervén o Secretario: “Están en fase de aprobación inicial información pública e informe favorable a Augas para o Mazote”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Agora temos que facer con esas Mocificacións Puntuais temos arranxado o casco urbán e xa temos esto e logo fallan facer os núcleos rurais. Agora hai que facer a modificación das Normas Subsidiarias para limitar os Núcleos Rurais, nas NNSS non temos ningún núcleo. Falla facer unha modificación puntual por cada núcleo rural; Cervás, Chanteiro, Seselle, Barracido, Lubre, Fixemos as do ámbito urbán e agora o rústico, tal como contemplaba o PXOM do 1999, si delimitamos os núcleos a través destas MMPP tamén temos delimitados os núcleos rurais. Teremos unha NNSS que representan un PXOM, pola vía da modificación das NNSS estamos recuperando o PXOM do 1999. Mentres a redacción do PXOM que é moi coplicada sigue ao seu ritmo e este ano teñen que presentar o documnto de aprobación inicial, de acordo coa subvención da Dirección XEral de Urbanismo a empresa adxudicataria do PXOM en novembro presentará o documnto para aprobación inicial, e os grupos xa nos pronunciarems e xa é hora de que a empresa traia algo porque leva dous anos, e ten que traer o documnto para aprobación inicial. Independentemente dese trámite vamos a proceder a delimitar os núcleos nas NNSS e actuamos a dúas bandas. Se conseguimos delimitar tódolos núcleos urbanmos nun ano, o facemos nun ano e pasamos co rural a ter un PXOM cunhas NNSS razoables en consecuencia falta delimitación de núcleos e é o seguinte que vamos facer. Vamos encragar a Oficina de Planeamento que xa fixo o urbán, vamos encarlles a delimitación dos núcleos. En paralelo a que efectivamente se faga o PXOM, que o fai CEINSA, a ver en novembro qué trae, se quere cobrar ten que traer un documento adaptado ao que sempre nos dixo Dirección Xeral de Urbanismo e Lei do Solo, agardamos a febrero á Lei do Solo que modifica duramente ós Concellos, fai seis meses, para facer un PXOM máis favorable aos núcleos rurais, e Terán que traelo.”



Intervén o Voceiro do PP Sr. Manuel Cendán Fernández: “Se está facendo unha obra na Bailadora, qué se está facendo?”

Intervén o Alcalde-Presidente: “É a través do Plan de Dinamización Turística Ferrol-Ortegal que concedeu unha subvención para poner en valor a zona e observatorio astronómico, esto esixe unha cúpula, o coste desta foi obxecto de recorte no orzamento, igual que cando pactamos co BNG esa foi unha das partidas que eliminamos e o resto o paga o Plan de Dinamización Turística. Está facendo unha rehabilitación do que serían os espazos comúns, o edificio de entrada, recepción da xente, un centro de interpretación das estrelas que se ven dende a Bailadora, un pequeno servizo baño, e sería a primeira fase deste proxecto de observatorio, e si ao final non se pon un telescopio, pois que se rehabiliten as baterías, e non poden estar caendo, e ate onde alcalcen os cartos.”

Intervén o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: “ Con respecto aos desbroces, agora que temos dous tractores eu os teño visto parados e como están os camiños, hai que programar para que traballen ou á vez ou en turnos, cando os camiños eu son particularmente afectada e vexo os tractores parados, por parte do responsable hai que planificar e esas máquinas non poden estar ate o inverno paradas, dende semana sanata ate inverno e hai que dar servizo, esa é unha pregunta e a última que se están a cambiar as farolas do parque Rosalía e me parece que houbo moitas críticas cos despilfarros do Plan E, e que se cambien farolas novas que costaron doce millóns de ptas e a preocupación é cal é a ubicación das antigas que me temo que acabarán polas casas particulares.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “En canto aos tractores temos dous e se están utilizando, temos palas, novo coche protección civil, policía, e non veñen con mando nin desbrozan solos, e si a xente traballa pola tarde hai que pagarles gratificacións e eso implica. Os dous tractores están traballando e un se averiou e co outro está desbrozando. O que está parado é por motivos técnicos. Se un traballador te pide días queé vas facer. Perdoa xa planificamos bastante ben que temos dous tractores e unha pala e non veñen con mando a distancia. O conductor da pala, lle morreu un familiar e qué, tes que darlle os días e os outros dous pis teñen dereito ás súas vacacións, traballaron todo o verán e xa non as collen en xullo e agosto, e por cada 365 días teñen dereito a 31 días de vacacións, e quen conduce os tractores. Bastante fan que no vran non as piden e pasan xullo e agosto traballando e en setembro teñen vacacións. Logo en canto á farolas do Rosalía non hai ningún Alcalde do PP que renunciou ao Plan E e colleron os cartos. Un plan dun goberno que reparte os cartos entre todos por igual sexan do que sexan, porque tanto recibiron os alcaldes do PP con 5600 habitantes como eu.”

Intervén o Voceiro do PP Sr. Manuel Cendán : “Me ferve o sangue, facede outra cousa, non se poden cambiar outras podres polo casco urbán, polas casas, e cambias as novas, é un despilfarro”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Dí aos Alcaldes do PP que non collan os cartos. Un porcentaxe do Plan E tiña que ir necesariamente a aforro enerxético. Cambiar farolas non é aforro enerxético, senón cambiar as que consumen 100 pola de 20.”



Intervén o Voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: “Tamén se cambia a farola”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Se muda a farola porque a tecnoloxía é distinta e as de ferro se quitan para pintala e se poñen as novas, e van ir para Cervás, Chanteiro, Barracido, Redes, que son bonitas se pintan de negro e se poñen no medio rural porque hai cada croio dando luz como a que está baixando do camilo de Cervás á Igrexa”.

Intervén o Voceiro do PP SR. Manuel Cendán: “Pois é o memso, o aforro é igual no rural como no urbán”.

Intervén o Alcalde-Presidente. “É increíble, me estás decindo que modifique un proxecto. As novas van para o Parque Rosalía.”

Intervén o Voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: “Están podres, Julio”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Cómo podres si son de plástico. Manolo, no Parque Rosalía se pon un alumeadado que aforra o 80 % do consumo á entrada de Ares se ve ese novo alumeadado e aforro e as vamos a reutilizar.”

Intervén o Voceiro do PP: “Se o aforro vai ser o mesmo no rural que no urbán non é normal nunha cousa que está ben non se fai e si necesita Cervás ou onde sexa se meten esas. O aforro vai ser igual, a min me parece estar cambiando e a imaxe que estamos dando é esa estando novas metemos outras, coa que está caendo, pero Julio o aforro o vas ter igual noutro sitio”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Ese aforro é gratis total porque o paga Zapatero, e cando cheguei á Alcaldía me atopei uns contratos teus con CAE que valían 175.000 €e non me digas ti do aforro enerxético que te ensino os contratos. Esto é o que hai”

Intervén o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: “Eu o digo por cambiar unha cousa nova por outra nova non é normal.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Non se cambia, van para outro sitio. A primeira fase de aforro enerxético é a Avda de Redes e contorno e de feito na estrada xa se nota que as farolas mudaron o lamparón ou como se chame.”

Intervén o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: “Eu non che digo eso digo porque a xente alucina de que cambiaachedes as novas, non é normal, non haberá máis que facer no Concello.

Intervén o Alcalde-Presidente.”Como o de desbrozarche”.

Intervén o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: “Hai que desbrozar, non se poden ter, cómo que parezo se me entra a merda para dentro”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Qué te entra por diante de casa e hai que desbrozarte a ti diante de casa”



Intervén o voceiro do PP: “ Pero si é camiño muchacho, é camiño público, e no almacén tamén as zarzas entran pola ventana, e xa no protesto porque me cae a cara de vergonza e non é lóxico que os dous tractores están parados, e en vez de irse un de vacacións xuntos vai un e logo o outro, hai que planificar”

Intervén o Alcalde-Presidente.”Pois gaña as eleccións.

Intervén o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán Fernández: “Xa as gañei sempre eu non minto e ti eres perdedor, nunca ganache as eleccións e mintes e eu as gañei sempre e ti eres Alcalde grazas ao pacto dos perdedores PSOE e BNG nin as vas gañar. Ti eres froito dun pacto pero as eleccións as gañou o PP dende o ano 1999. Eu o facía porque o pagaba eu, pero o ten que facer o Concello.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Pois gaña as eleccións e desbroza a túa casa”

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e cincuenta e dous minutos do día ó comenzó sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,